

III PREMIO CARLOS CANEIRO DE RELATO CURTO PARA XÓVENES ESCRITORES 2010

O C.P.I. Laureano Prieto de A Gudiña (Ourense), a través do seu Clube de Lectura "Círculo Vermello", co obxectivo de fomentar a creación literaria entre os xóvenes convoca o III Premio Carlos Caneiro de relato curto en lingua galega.

B A S E S

1. ¿QUEN PODE PARTICIPAR?

Alumnos/as que estén cursando 3º ou 4º da ESO, e 1º ou 2º de Bacharelato. Non poderán presentarse aqueles alumnos/as que xa resultasen premiados en edicións anteriores.

2. ¿QUE PODES PRESENTAR Ó CONCURSO?

Un **RELATO**, escrito en lingua galega, orixinal e inédito. O tema e estilo serán libres. A súa extensión será de 3 páxinas como máximo. Os traballos presentaránse en formato word, a espacia 1,5, con tipo de letra Times New Roman de tamaño 12. Cada participante poderá entregar un traballo como máximo.

3. PREMIOS

No concurso de relatos o premio será:

➤ Un miniordenador portátil

As obras gañadoras xunto coas participantes e un prólogo de Carlos Caneiro serán publicadas e difundidas.

O gañador comprométese a recoller persoalmente o premio.

4. XURADO E ELECCIÓN DO GAÑADOR

Haberá un xurado inicial constituído polos alumnos/as que forman parte do clube de lectura "Círculo Vermello", xunto con dous profesores. Este xurado elixirá mediante votación, do total de obras presentadas, 4 finalistas.

Un segundo xurado, presidido polo escritor Carlos Caneiro, e constituído por tres profesores máis do centro, seleccionará a obra gañadora tamén mediante un proceso de votacións.

O fallo do xurado será o 17 de abril de 2010 e a entrega do premio terá lugar nun acto presidido por Carlos Caneiro en datas próximas ao día do libro na biblioteca do CPI Laureano Prieto.

5. ¿ATA CANDO?

A recepción de orixinais rematará o 23 de marzo de 2010.

6. ¿COMO PRESENTAR OS ORIXINAIS?

Os traballos serán enviados por correo electrónico, como arquivo tipo Microsoft Word, (extensión .doc) adxunto ao enderezo electrónico: cpi.laureano.prieto@edu.xunta.es, especificando no asunto: III Premio Carlos Caneiro de relato curto.

7. ¿COMO TE IDENTIFICAS?

O correo electrónico deberá conter dous arquivos adxuntos:

1º) Datos persoais: Nome, apelidos, enderezo completo persoal e do centro, teléfono persoal e do centro. Seudónimo. Título do traballo e modalidade. IDADE, estudos que cursas e DNI

2º) Obra que presentas coseudónimo empregado.

8. DÚBIDAS

- Os orixinais non premiados nin seleccionados para a súa publicación non serán devoltos.

- O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases

- Para calquera dúbida podes chamar ó 988 421140 e preguntar por Jorge



(Acto de entrega do premio o I Concurso de relatos celebrado en abril de 2008)



(Acto de entrega do II Concurso de relatos en abril de 2008)

